



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 17 DE XUÑO DE 2012.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO(PP)

Concelleiros/as

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ(PP)

D.^a MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.^a NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO (PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.^a MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D.^a VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D^a M^a ÁNXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

Secretario Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

Interventora de fondos

D.^a Eva García Fernández

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 18,00 horas do día 17 de XUÑO de 2012 reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA:

1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno, buenas tardes a todos e a todas, empezamos entonces este Pleno extraordinario co primeiro punto do orden do día que é a aprobación do 06 05 2013, que todos teñen copia e si teñen algo que alegar este é o momento.

A sra. Morenza toma a palabra: Solo decir que na páxina 12 da acta hai unha, un erro, que creemos que é un erro, porque di ó principio, porque dí “o sr. Alcalde toma a palabra, a votación faise a man alzada, queda aprobada cos votos a favor do Partido Socialista e do Partido Popular e a abstención do BNG” e despois pon “sometido o asunto a votación resulta aprobada cos votos a favor do Partido Popular, os votos en contra do PSdeG e a abstención do BNG”, entón é unha contradicción e si mesma. Grazas.

A sra. Secretaria toma a palabra: Tuvo que ser un error de transcripción porque como es grabado...

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois con esa modificación, aceptamos logicamente ese error. Pasamos ao punto número 2 que é a Aprobación do programa de posta en funcionamento do Polideportivo Municipal a efectos de contratación de persoal necesario para a posta en marcha do mesmo.

Ten a palabra a sra. Secretaria.

2- APROBACIÓN DO PROGRAMA DE POSTA EN FUNCIONAMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL A EFECTOS DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL NECESARIO

A sra. Secretaria toma a palabra: Como ya comentábamos en la Comisión Informativa correspondiente, a partir del RD 20/2011, de medidas urgentes en materia presupuestaria, para corrección del déficit público, se restringen las contrataciones en la administración pública a determinados supuestos, que tienen que ser considerados como necesarios, el concepto de necesidad es un concepto netamente político que le corresponde decidir al Pleno de la Corporación y de carácter urgente lógicamente en base a una serie de informes técnicos. También establece el Estatuto Básico del Empleado Público, la posibilidad de realizar contrataciones interinas respecto a aquellos



programas de carácter temporal que se pongan en marcha para realizar determinadas actividades o puesta en funcionamiento de determinados servicios, por lo tanto nos hemos acogido a este artículo, para la elaboración de un programa de puesta en funcionamiento del Polideportivo Municipal, encaminado a la recepción de datos, que hagan posible la elaboración de las futuras ordenanzas fiscales; datos tales como: censo de usuarios, demanda de la instalación y otro tipo de cuestiones similares. Este programa de duración bianual, requiere de la presencia y contratación como funcionarios interinos de por lo menos, un conserje (se estima desde el punto de vista técnico), dos monitores deportivos y un auxiliar administrativo que realice las tareas de gestión burocrática. Se presenta al Pleno de la Corporación este programa, para aprobar la urgencia y necesidad, es decir, para aprobar en primer lugar el programa, para declarar la necesidad del servicio y el carácter urgente de la puesta en marcha de este servicio, y por último hay que decir que desde el punto de vista técnico, se ha analizado también la posibilidad de este programa dentro de un marco global (incluyendo las posibilidades de, teniendo en cuenta las sentencias de los Tribunales últimas, que algunas contrataciones las han anulado, pues, considerando que la administración podía utilizar otras opciones más ventajosas para ella, como son la externalización, recientemente hai una sentencia del Tribunal Contencioso-administrativo número 1 de Ourense que anula una contratación en el Ayuntamiento de La Rúa, por este motivo entre otros), pues hemos considerado desde el punto de vista técnico que incluso es la situación más económica, para el Ayuntamiento, la contratación de funcionarios interinos que no generan ningún tipo de derecho de antigüedad, es decir, que tienen una duración temporal su contrato, que cuando acabe este programa acaban, y por lo tanto creemos que nos resultaría incluso más económico que la contratación a través de estas personas de una empresa, porque las empresas evidentemente tienen un margen de beneficio que tienen que ganar; entonces analizadas todas estas cuestiones consideramos que la contratación de funcionarios interinos con una duración temporal es la más ventajosa para el Ayuntamiento. Nada más. Gracias.

Toma a palabra o sr. Alcalde: Moi ben ten a palabra o voceiro do BNG

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Boas tardes. Bueno é sorprendente, ¿non? a última afirmación da Secretaria deste Concello, cando di que que as empresas sempre xogan con un marxe de beneficio; eses mesmos argumentos podía telos utilizado moi ben o Partido Popular, para recuperar todas aquelas concesións e privatizacións dos servizos públicos que se teñen feito ó longo de todos este anos; pero bueno de todas maneiras, o Bloque Nacionalista Galego está moi contento de que a xestión das infraestructuras deportivas sexa pública; quede claro de que nós nos alegramos de que sexa pública;



sobre a análise que fai a Secretaria desde logo, eu creo que son contidos xurídicos nos que non vamos a entrar a valorar: Xustificase a contratación de eses persoal, que certamente fai falta para por en marcha a nova infraestrutura; nós creemos que é necesario esa contratación, outra cousa diferente é como se vaian facer esas contratacións, y cal vai ser o percorrido de estas contratacións; agora sabemos que se van a contratar a catro persoas con contratos de interinidade, pero non sabemos cal é a xogada que ten agochada o Partido Popular para despois convertilo en persoal laboral indefinido e despois en funcionarios do Concello, como ten acontecido innumerabeis veces, entón nós sabemos, que por fin despois de once anos de construción (ala van), vaíse a inaugurar o primeiro Polideportivo no Concello de Barbadás, cando somos o cuarto Concello de toda a provincia de Ourense en número de habitantes; y fai falta contratar persoas, nós eso o entendemos, alegrámonos que se faga unha xestión pública desde o Concello, pero, mantemos todas as nosas reservas e as nosas dúbidas de cal vai ser o percorrido das contratacións de ese persoal, polo tanto, o Bloque Nacionalista Galego y en base a necesidade de crear esas plazas, nos vamos a abster.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, moitas gracias. Ten a palabra o voceiro do PSOE,

O sr. Valcárcel toma a palabra (PSdeG-PSOE): Bueno pois, en primeiro lugar dicir, que a nós sorpréndenos a perintoriedade, a urxencia deste Pleno extraordinario, que aproximadamente costa ás arcas do Concello 4.000 €, cando desde logo vai a haber un Pleno ordinario dentro de dez, quince días, e consideramos que este é un serio despilfarro, que podía ser destinado a outras cousas, e gustaríanos que quedara constancia en acta. Bueno, cinguíndonos ó orde do día, este punto do orde do día, mixtura algo que para o Grupo Municipal Socialista consideramos que debe ir por separado; por unha banda fálase da aprobación do programa do Pavillón Municipal, e por outra banda fálase da contratación de persoal competente ou correspondente; o punto do orde do día di “aprobación do programa de posta en funcionamento do Polideportivo Municipal a efectos de contratación de persoal necesario”; bueno, polo tanto, no mesmo punto atopámonos coa aprobación dun programa de actividades, pero tamén cun informe sobre a urxencia para contratar ó persoal. Para os Socialistas de Barbadás sempre foi evidente, como decía o sr. Fírvida, sempre foi evidente que o Polideportivo era unha dotación básica para as necesidades de toda a veciñanza, unha dotación pola que levamos esperando máis de dez anos, unha dotación absolutamente prioritaria, múltiples anuncios e outros tantos incumprimentos, son un resultado, son un resultado da malísima xestión do Partido Popular, en este asunto. Os veciños e as veciñas de Barbadás consideraban urxente a existencia dun Pavillón Municipal, que fora capaz de encauzar as actividades deportivas e de ocio dunha sociedade en crecemento; tal e como recoñece o



propio informe falamos dun servizo esencial, un servizo esencial que durante máis de dez anos foi considerado polo sr. Freire como absolutamente secundario, e as probas son precisamente todos os anos de espera. O Grupo Municipal Socialista recoñecemos a necesidade da posta en marcha desta dotación e neste caso da contratación de persoal para atender as instalacións, pero tamén voltamos a por enriba da mesa a incoherencia das políticas do PP, en relación a contratación de persoal; sobre todo temos que denunciar, como xa mencionei no pasado Pleno a ausencia dunha relación de postos de traballo anual, que contemple ano a ano, as necesidades de persoal da Administración Local cunha previsión real, e tendo en conta precisamente o crecemento demográfico do Concello, e por suposto, chámanos enormemente a atención que en outros ámbitos dan Administración Local a contratación de persoal non se realice coa mesma urxencia que se fai neste caso; as necesidades de persoal do Concello de Barbadás teñen que ser cubertas en función dunha estratexia clara, transparente, previsible, por suposto sin ter que recurrir a informes sobre a súa urxencia ou legalidade. A urxencia dunha RPT anual, responde seguramente a unha política de ocultación e por suposto caciquil que atende máis ós intereses do PP que ós do conxunto da veciñanza, e, unha nova RPT é imprescindible, para poder asignar uns recursos escasos a aqueles servizos que máis esforzos precisan nos momentos de crise, e falo de servizos sociais, de fomento do emprego, e da infancia fundamentalmente; e aquí hai que dicir ahondando no que decía o sr. Fírvida, estos señores ou señoras, van entrar no Concello a cubrir un posto de traballo determinado, pero desde logo como estamos vendo nas distintas contratacións que se fan ano a ano, sempre se valora a experiencia profesional, entre outras a experiencia profesional desempeñada en idéntico ou similar posto de traballo, ata o máximo de 3 puntos; é dicir, estas persoas van a ter unha experiencia profesional acumulada que se vai a puntuar no momento que en haxa unha contratación definitiva, entón queremos que haxa unha transparencia neste tipo de contratacións; e hai que dicir tamén, estoume referindo á documentación que se aporta na dación de contas en relación á contratación de persoal para a Escola de Música, e supoño que no seu momento este tipo de documento, este tipo de criterio serán os que rexirán cando se faga unha contratación definitiva para estas persoas; entón, estas persoas hai que ter moi claro como se contratan, e en que circunstancias. Sinalar tamén que para unha boa parte da veciñanza de Barbadás, algún dos postos de traballo están xa asignados; o novo Polideportivo xa teñen nome e apelidos dende hai moitos meses; a rumoroloxía está aí, e nós xa o dixemos aquí en algunha ocasión, hasta se poderían dar nomes que nós non o imos a facer, pero creo que todo o mundo o sabe; desde logo que a urxencia para contratar agora a catro persoas para atender o Polideportivo, non é o xeito máis



oportuno para disipar esas dúbidas, como tampouco é de recibo que o sr. Alcalde convoque un Pleno, como xa dixen antes, para, extraordinario para este asunto, que a día de hoxe aínda non saibamos, que a día de hoxe aínda non saibamos, a data da inauguración exacta do pavillón. Vostede sr. Alcalde non se pregunta cal é o motivo desta sospeita tan extendida? porque é certo, hai un bule bule, por aí pola Valenzá, e polo resto do Concello, que apostan por uns determinados nomes para cubrir certos postos de traballo, certos postos de traballo destes catro postos de traballo; a resposta é evidente: a pouca transparencia que afecta a gran parte da contratación de persoal en este Concello, por suposto, pola ausencia dunha previsión en relación ás necesidades de cada servizo da Administración Local. A valoración que facemos desde o Grupo Municipal Socialista en relación ó programa de actividades do Polideportivo Municipal é en xeral positiva, pero non podemos votar a favor deste punto tendo en conta as consideracións expresadas antes pola contratación de persoal, polo que nos abstemos, é dicir, consideramos que non é xusto, que non é coherente misturar a aprobación dunhas actividades, acompañadas da aprobación do persoal, creo que se podía debatir por separado.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, sin prejuicio de que lle dea despois a palabra a Concelleira de deportes, voulle matizar simplemente dúas cousas con relación ao que expuxeron, con relación ó BNG, decirlle que a contratación vai seguir o proceso selectivo, co cual no proceso selectivo se verá aí logicamente que vai a haber unha transparencia, como ten que ser; non pode ser de outra maneira. Despois a sospechas cada un pode ter as que queira, que quere que lle diga; vostedes están aí para podela, pois no seu momento, pois ter en conta y impugnar as bases, impugnar o que estimen oportuno. Y con relación ao Partido Socialista, dice que non entende que sea tan perentorio e que esto é un despilfarro; vamos a ver: é perentorio, porque esto require un trámite; si queremos poñer en marcha o polideportivo cuanto antes que agora está acabado, pois temos dúas alternativas: ou acabamos esto agora, porque esto leva un proceso, exposición pública, nós querémolo abrir, querémolo abrir o máis pronto posible, posiblemente hasta setembro non día tempo de abril, pero o proceso ten que ser previo, y con relación ó programa logicamente, dice que non ten que ver o programa ca contratación; a contratación, para justificar a contratación, ten que ir ligada a un programa precisamente, y o programa se fai precisamente para poder justificar a contratación, senón non sería posible, ¿vale?, entón a raíz de aí cada un pode pensar o que queira, e falar da RPT, que por suposto se fará, pois non é o momento neste momento, neste momento o punto que se trata é iste, y si se fai así de urgencia y cun programa previo, é porque é necesario, y nós entendemos que cuanto máis pronto se poña en marcha millor, entón nada máis con relación a esto, sin prejuicio de que lle día



a palabra, por suposto, a partir de agora a concelleira de deportes, se quere tomar a palabra.

Toma a palabra a sra. Vispo (PP): Corroboro todas las palabras que ha dicho el Alcalde, entiendo que no se lo que decía el sr. Valcárcel, que haya nombres por ahí, porque hay un proceso selectivo, ¿vale?. Si te refieres a en este momento, se va a abrir puntualmente el Polideportivo de la semana del 25 de junio hasta el sábado de final de mes, para hacer el campamento deportivo; se va a abrir puntualmente con la gente que en este momento tenemos a nuestra disposición, que son monitores deportivos ¿vale?, pero que se volverá a cerrar, hasta que se vuelva a inaugurar en septiembre con las Escuelas Deportivas y con todo lo que nosotros hemos programado para el Polideportivo; pero no entiendo que se haya barajado nombres cuando va a ver un proceso selectivo y que en ningún momento sabemos quien va a estar en ese momento allí.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do BNG.

O sr. Fírvida toma a palabra: Si, claro agora a nós xúrdenos varias dúbidas das que non tiñamos coñecementos, non; desta que se vai a inaugurar en setembro, non o sabíamos, claro; a ver, na documentación que ven para este Pleno, ven unhas actividades que se van desenvolver na última semana deste mes que inclúen durmir unha noite nese Polideportivo, e veñen unhas actividades que non sei quen realiza, pero que están organizadas desde a Concellería de Deportes, con monitores, con charlas, que incluso teñen unhas taxas; entón eu preguntome, ¿está dado de alta o seguro ou todos os seguros de responsabilidade civil, de todo tal?; aí vai durmir xente esa noite do venres 29, creo que é e se vai desenvolver eso, sin estar inaugurado o, pero está absolutamente entregado, a obra está entregada, as licencias están en tal, os seguros están feitos, está tal, bueno total que é unha cuestión de presentación, o de setembro, digo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, non, porque non temos o persoal contratado

O sr. Fírvida toma a palabra: Porque a todos os efectos está rematado, y se pode estar alí dentro, porque o campamento de verán acaba de dicir a Concelleira que vai a haber actividades alí, ¿non?,

O sr. García toma a palabra (PP): Unhos días e volverase a cerrar.

O sr. Fírvida toma a palabra: Eso é o que non entendemos

O sr. Alcalde toma a palabra: Porque non temos porteiro, non temos nada

O sr. Fírvida toma a palabra: Por eso digo eu como puntualmente, eso é o que non se entende; si se abre, se pecha, volvemos a abrir, volvemos pechar.

Bueno outra cousa as bases para as contratacións deste persoal está todavía sen redactar, ¿non?. Están empezando a redactarse.



A sra. Secretaria toma a palabra: Algunas están y otras no. En esta semana puede que se acaben.

O sr. Fírvida toma a palabra: Ben, y as taxas, ¿a ordenanza fiscal reguladora das taxas das instalacións deportivas? Aínda non.

A sra. Secretaria toma a palabra: Imposible

O sr. Fírvida toma a palabra: Imposible

A sra. Secretaria toma a palabra: Imposible, porque el programa piloto es precisamente, precisamente el objeto del programa piloto es recabar los datos necesarios para que después, desde Intervención Municipal, se puedan redactar las ordenanzas fiscales; tenemos que averiguar cuales son los costes: no es lo mismo los costes de un polideportivo, en el que a lo mejor hay una escasa asistencia y por lo tanto hay unos gastos de luz menores, o lo que sea, o de monitores, y que los costes de un polideportivo con una afluencia masiva, que podamos requerir la contratación de más monitores, por ejemplo estoy hablando, es decir, en hipótesis todo; y el proceso selectivo, me van a perdonar pero hago un inciso, el proceso selectivo es un proceso diferente al de la contratación laboral temporal, que es un proceso rápido, muy ágil, con una publicación en prensa y que en un plazo de diez días se puede tener resuelto, pero el de este tipo de personal, que son programas interinos, son programas para la contratación de funcionarios interinos, se requieren publicaciones a parte de en el Boletín Oficial de la Provincia y en el Diario Oficial de Galicia; entonces estas publicaciones retrasan; hay una lista de admitidos contra la que se pueden reclamar durante un plazo de diez días, después hay unas convocatorias de pruebas que son también publicadas, el sistema será el concurso-oposición también, pero, hay una fase de oposición con exámenes y tal, es decir: es un procedimiento bastante más largo, y esa es la razón de que esta Secretaría haya solicitado a Alcaldía la celebración del Pleno extraordinario, a la mayor brevedad posible. Nada más.

O sr. Fírvida toma a palabra: Foi unhas preguntas que eu lle fixen á Secretaría, pero non acabei. Bueno, nós de verdade, viñamos a este Pleno ca intención de absternos, porque entendíamos que era unha infraestrutura necesaria, que se iba a por en marcha, que iba haber, que hai actividades programadas desde a Concellaría, hai campamento de verán, hai que contratar persoal, hai que facer unhas bases reguladoras para contratar persoal... entendíamos que era unha necesidade do Concello ya hasta podíamos casi estar de acordo en casi todo, porque eu entendo que é un modelo copiado, de semellante ó funcionamento, non vexo ningunha, pero que estou dándome conta en este Pleno que é unha auténtica chapuza, é unha chapuza; tuvistes once anos para preparar a apertura dun Polideportivo, once anos, y, e faise mal, y aparte de adestempo mal; primeiro vimos a un Pleno con



toda a urxencia do mundo, despois resulta que non se contrata hasta setembro; ábrese pero non se abre, y se abre y se volve a pechar. Dios mío, un pouco de seriedade! É que todavía non sabemos o que vai pasar con ese polideportivo a semana que ven, nin quen vai estar alí, nin quen vai a atender á xente, nin quen vai a estar nun campamento de verán, nin si vai estar aberto ó ximnasio, si non vai estar aberto, si vai a funcionar ó pleno rendemento; hai tamén un prazo para solicitar, unha solicitude de uso das instalacións do 1 o 30 de xuño, supoño que isto xa non funcionará este ano.

A sra. Secretaria toma a palabra: No; figura una cláusula que se añade, que durante el año de apertura del Polideportivo, es un plazo distinto.

O sr. Fírvida toma a palabra: É un prazo distinto durante o ano, ben, nós entendemos que é unha inmensa chapuza, bueno en fin, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do Partido Socialista.

O Sr. Valcárcel toma a palabra: Evidentemente despois das aclaracións que quixo facer a sra. Secretaria, desde logo que estamos aínda máis sorprendidos. Desde logo, si non imos a abrir o pavillón polideportivo hasta o mes de setembro, esta urxencia resulta un pouco sorprendente, pero desde logo, que aínda é máis sorprendente cando sabendo que non se vai a abrir hasta setembro, podíamos facer todo este proceso selectivo moito antes, é dicir, a obra do pavillón está aí, a obra do pavillón estaba prevista, según dixo o sr. Alcalde en algún momento, inauguralo a primeiros de ano, estamos a mediados de ano, non temos aínda contratado o persoal, estamos aínda no proceso selectivo, estamos a mediados de xuño, e despois resulta que nos aparece enriba da mesa un Pleno extraordinario para esto; francamente sorprendente, por decilo suavemente, porque non me quero enfadar hoxe, (veño así de bo humor). Segunda cuestión aparte das que plantexou xa o sr. Fírvida, porque son elocuentes, ¿cales van a ser as taxas entón iniciais?, si todo esto que acabamos, ou que van a aprobar é un proxecto inicial un proxecto piloto, e todo vai a depender de este proxecto piloto, para calcular as taxas, para dentro de dous anos, ¿cales van a ser as taxas desde o 1 de setembro en adiante?, en base a que se calcula.

O sr. García toma a palabra: Non hai

O sr. Valcárcel toma a palabra: ¿Non hai?, ¿vai ser gratuíto?

O sr. Alcalde toma a palabra: Claro, vai ser piloto

O sr. Valcárcel toma a palabra: Ah, bueno, está claro. Non se fai mención de nada de eso aquí en toda esta documentación, en ningún sitio se fala de gratuidade durante dous anos; tamén pensen unha cousiña, mentras o uso do pavillón sexa gratuíto, evidentemente terá unha afluencia distinta



probablemente, da que terá cando haxa que pagar unhas taxas, supoño, a xente mide moito os seus gastos, entón, está ben que aclaren que durante dous anos, é gratuío.

A sra. Secretaria toma a palabra: Nadie dice dos

O sr. Valcárcel toma a palabra: Bueno, aquí dice dunha, estamos aprobando un programa piloto, estamos un programa piloto para dous anos, é o que fixo referencia, máximo dous anos, está ben clarexalo tamén, pero, en ningún sitio se fala con esa claridade que agora están falando; é decir, sorpréndenos que este programa piloto sexa para calcular, ou sexa utilizado para calcular unhas taxas dentro de dous anos e que non se nos diga que durante dous anos, ou máximo dous anos sexa gratuío o uso do pavillón; non se fai mención desto por ningún sitio, é decir, todo isto é unha auténtica chapuza desde logo, chapuza de todo, e ímonos abster; non imos cambiar o voto, porque podíamos votar agora en contra precisamente en base a todas as aclaracións que están facendo, a raíz de todas estas preguntas, pero na Comisión tiveron ocasión de explicalas, e non o dixeron, ¿ou querían ocultar algo?, vamos é que tampouco, vamos a ver sr. Freire, sr. Alcalde, tampouco é de recibo que nos digan agora máximo, pois vostedes son os que saben do asunto

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero acabámosllo de explicar

O sr. Valcárcel toma a palabra: Aquí, pero a Comisión Informativa chámase informativa, precisamente por algo, para explicar, para clarexar, para non, para disipar dúbidas, e non as disiparon.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, na Comisión Informativa, xa se explicou todo o que se considerou oportuno a todo o que preguntaron, agora aquí no Pleno a maiores, estamos para explicarlle o que sigan necesitando que se lle explique, ¿que problema hai?. Eiquí se explicou que efectivamente vai haber unhas actividades durante o vrao, esporádicas porque non hai personal para poder abir e cerrar, simplemente cos monitores que temos, non hai que contratar a ninguén, dentro do Polideportivo porque é o sitio máis axeitado, e xa que nolo entregaron agora, pois vamos a utilizalo, ¿por que non?. E non se fixo antes esto, porque non tiñamos aínda fecha de entrega do Polideportivo entonces; non, non tiñamos, nós que máis quixéramos; houbéramolo feito xa fai un mes encantado da vida, no Pleno ordinario, pero non nos habían entregado naquel momento o Polideportivo aínda, vale; entoneces eu entendo que bueno ustedes están no seu dereito a discrepar como é lógico, pero nós entendemos pois que agora se fai polos motivos que se expuxeron y nada máis, y cos argumentos expostos.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Sr. Freire volo a insistir: vostede reiteradas veces anunciou ou dixo, non digamos anunciou, fixo comentarios incluso nestos Plenos, dicindo que probablemente este



pavillón se inauguraría en xaneiro, é dicir, tendo a idea de que se inauguraría a primeiros de ano, resulta que aparece agora a necesidade de contratación no mes de xuño, cando podían haber previsto xa para o mes de xaneiro.

O sr. Alcalde toma a palabra: Bien, pero non se pudo facer en xaneiro, porque non nos entregaron a obra hasta agora, entonces non se podía facer daquela, nada máis. Entendo que vamos someter a votación o punto; ustedes ambos partidos creo que se absteñe ¿non?, pois entendo que se aproba cos votos do Partido Popular e ca abstención do Partido Socialista e do BNG.

Sen máis sométese o asunto a votación resultado aprobado cos votos a favor do Partido Popular e as abstencións do BNG e do PsdeG-PSOE o seguinte acordo: **“Aprobación do programa de posta e funcionamento do Polideportivo Municipal a efectos de contratación de persoal necesario”**

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó punto 3 que é o Regulamento de utilización das instalacións deportivas municipais, que ten a palabra tamén a sra. Secretaria, porque é un tema puramente técnico de reglamento

3- REGULAMENTO DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

